

MARÉ

ASALTO AO 'MONXOI'

NA TRINCHETRA Díaz Pardo di que os novos responsables de Sargadelos aproveitarán a xunta de accionistas de hoxe para arredalo do grupo e así "vender o IGI porque só queren cartos"

Sempre na resistencia

Sospeita que queren desfacerse do patrimonio do grupo para "deixar os traballadores na rúa"

maré · Santiago

No seu despacho do Instituto Galego de Información (IGI), ao pé da súa máquina de escribir, recibenos o Isaac Díaz Pardo de sempre, amable, cos ollos fervendo, tecleando. Non en van viviu máis de vinte anos rodeado dos fondos do IGI, os mesmos que dende onte se expoñen "de urxencia" en varias vitrinas con cartas de Castelao, libros de Rafael Dieste ou dúas bandeiras que sobreviviron á guerra civil. O teléfono non para de soar e decide descolgalo. As contendas non lle son alleas a este compostelán de 87 anos que, como xa fixera ao fundar o Grupo Sargadelos xunto a Luís Seoane, asume o seu destino na resistencia cultural. Hoxe asistirá ás seis da tarde á xuntanza de accionistas que se celebrará no IGI, convocada por vía xudicial polos novos administradores co fin de afastalo do último reduto de poder que lle quedaba pero non por iso pensa deixar de loitar.

"Na assemblea, os novos administradores de Sargadelos, que están querelados, pretenden vender o IGI, porque o que queren son cartos, o que aquí hai impórtalles pouco", afirma Díaz Pardo. "No IGI están depositadas unhas importantes doazóns; a exposición é unha advertencia do que hai aquí. Se destrúen o IGI, estas cousas, moi valiosas, terán que ir para outro lado. Do Seminario de Estudos Galegos ou de Manuel Díaz Rozas temos toda a biblioteca que ocupa unha habitación. E tamén acolle toda a documentación do Consello de Galiza, que llo deixaron ao Laboratorio de Formas, unha documentación aínda sen estudar nin clasificar", explica.

"Non creo que o IGI se poida vender así como así porque é unha concesión do Concello e da Xunta para construír nunha zona onde estaba prohibido construír, pero deixáronos. Eles queren cartos", apunta.

Os escritores piden que os fondos sexan declarados BIC

"¿Que vai pasar hoxe?", preguntámoslle, ao que responde sorrindo: "Aí, ¡se eu o soubera! Eu creo que o xuíz que convocou a xuntanza fíxoo sen darse conta do que pretendía esta xente. Eles quixeran destituírnos a todos, quedar de administradores e facerse donos disto. Están querelados, pero as querelas criminais levan catorce meses", sinala e agradece as mostras de solidariedade. "Recibimos moitos apoios da xente da cultura porque non que-



FOTOS: PATRICIA SANTOS



Díaz Pardo, arriba, onte, na inauguración da exposición do IGI e o público asistente ao acto, abaixo

DÍAZ PARDO: "O IGI É MOI RENDIBLE"

"Os novos administradores queren destruír Edicións do Castro"

Hai varios días, os actuais administradores de Sargadelos acusaron nun comunicado a Díaz Pardo de dilapidar "mil millóns de pesetas" no IGI que cualificaban de "fracaso empresarial ruinoso", algo que o fundador de Sargadelos cualifica de "engano para imbéciles".

Lémbrale que nos vinte anos nos que estivo ao fronte do grupo "nunca houbo queixas" e engade: "Isto é moi rendible: as galerías foron creadas dende o IGI, e o 90% do que venden os produtos de Sargadelos, distribúese nas galerías", engade. "No IGI fanse mobles, aténdense as galerías, deséñanse as exposicións, dirixese a Edicións do Castro...", continúa. A misión dos novos administradores, que no seu comunicado aseguraban querer preservar o legado cultural

de Sargadelos, é, ao seu ver, "destruír Edicións do Castro, o que conseguirán se destrúen o IGI".

Por iso, Díaz Pardo considera "aberrante que as autoridades e Patrimonio tolexen que o nome de Sargadelos poida estar manexada por xentes ruíns que apenas teñen estudos primarios". Ademais, lémbrale que o IGI non naceu só para editar o xornal *Galicia*. "O IGI é un proxecto que presentou Lorenzo Varela primeiramente. O xornalista, que estaba exiliado, cando regresou a Galicia viu que a información era moi pobre, o franquismo barreou todo coñecemento de todos e propuxo facer unha institución que recollera datos e que puidera distribuílos. Fíxose unha xunta consultiva na que estaba Lorenzo Varela, Ramón Piñeiro, Valentín Paz

Andrade, Luís Seoane, ou eu mesmo, na que se estudou crear unha institución que servira para publicación de revistas, xornais, servizos de comunicación. A Valentín Paz Andrade, arredor do ano 25, suspendéronlle un periódico que se chamaba *Galicia*. Entón, propuxo se non estaría ben reeditar o *Galicia*, pero ao pouco tempo, Lorenzo Varela practicamente se suicidou eu creo que desesperado por moitas cousas. Logo foron morrendo todos. Eu estudei a cousa e vin que non había posibilidade porque todos os periódicos, que hai agora, puideron desdoblarse noutros medios. Pero nese momento, cinco periódicos fallaron en Galicia, un en Vigo, outro en Ourense, en Pontevedra e dous en Ferrol e vin que non se podía facer".

ren que desfagan unha obra feita polos exiliados".

De feito, a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) pediu-lle onte á Xunta o inventariado e catalogación do patrimonio documental do IGI para que sexa declarado Ben de Interese Cultural. Outra mostra de apoio que se une á de Burla Negro e Arredemo que convocaron para hoxe un acto de solidariedade con Díaz Pardo que comezará ás seis da tarde, ao inicio da xuntanza de accionistas no IGI, e que rematará ás sete e media coa presentación do único exemplar que se editará do xornal *Galicia*, unha publicación que estará dispoñible en librerías e quioscos a partir do xoves.

Porén, Díaz Pardo non cre que hoxe se puidera crear un proxecto como o *Galicia*. "A prensa está moi comercializada, vive moito de facer esquelas e anuncios. Revivir unha cousa como o '*Galicia*' de Paz Andrade tería poucas posibilidades de sobrevivir. Unha das cousas fundamentais do IGI é que produce Edicións do Castro, que é moi importante para o espírito do Laboratorio de Formas", resalta o intelectual e galeguista.

"Os traballadores do IGI levan nove meses sen cobrar o seu salario. Sargadelos está condenado e tenlles que pagar pero teñen vinte días para facelo. Senón, van ao embargo. Tarde ou cedo, isto, de seguír así, desmoronábase", reflexiona e engade unha sospeita: "Fomos creando un patrimonio vendible que puidera servir de garantía para que a xente cobrase se a empresa fracasaba. Se os novos administradores venden o patrimonio, os traballadores van quedar na rúa. En Sevilla hai un edificio que é noso, no Castro, que é onde está a imprenta, con poucos traballadores, en Santiago temos unha galería que vale moito diñeiro e ten pouco persoal e este, o IGI, no que os traballadores non cobran. Está xa anunciado que van a vender o de Sevilla e dixeron que querían pechar o IGI para vendelo", advirte.

"Eu fixen as once empresas, pero os novos administradores teñen unha ambición desmedida polos cartos e pensan que quitando a parte cultural fariáanse con máis, o cal é unha equivocación porque estas empresas vivían da parte cultural", destaca. Se finalmente hoxe perde o seu cargo de conselleiro delegado do Grupo, Díaz Pardo non pensa aceptar outro posto. Non me interesaría a min desempeñar outro cargo. Eles querían que eu aceptase unha dirección teórica, pero non o quero".

"O nome de Sargadelos importa porque ten moito prestixio e eles queren dilapidar vendendo calquera cousa co nome de Sargadelos. A min non me pagaron nin un can den de que se meteron aí, porque están como delinquentes que se meten nunha casa a roubar", conclúe. ●